

Cartafof

Xestionado por [Héitor Mera](#)

AGUSTÍN AGRA: O TESOURO DA LAGOA DE REID'S

Un premio Merlín engaiolante

O tesouro da lagoa de Reid'Is

Agustín Agra

Xerais, Vigo, 2006, páxs 84, 8,75 

O Premio Merlín deste ano 2006, *O tesouro da lagoa de Reid'Is*, ten o mérito xa non só de resultar unha lectura amena para os cativos, senón tamén de ser unha incitación para ler outras obras literarias, tanto da literatura culta como da popular. Mestura adecuadamente fantasía e realidade, de xeito que conseguirá que os rapaces soñen, sen por iso esquecer a realidade.

- 12:51 27/11/2006

Por último, amosa un gran coidado no uso da lingua de tal forma que os rapaces que o lean, sen ningunha dúbida, mellorarán o seu nivel de galego.

Un rapaz relata en primeira persoa as vacacións de verán que pasa na casa dos avós na compañía dos curmáns. Dende o comezo o imaxinativo avó ponos en contacto coa lenda dunha misteriosa cidade somerxida debaixo dunha lagoa, onde viven unha princesa-serea e uns urcos que custodian un fabuloso tesouro. O avó cóntalles como el chegou a visitar a cidade asolagada debaixo da lagoa para buscar un remedio para desenmeigar a seu pai. O desenlace do conto prodúcese no remate das vacacións, pois o avó vai contando aos poucos a historia. Rematan as vacacións, remata o conto do avó e remata tamén o libro. O libro mestura realismo e fantasía. O ambiente é totalmente real, un poboación mariñeira galega. Nese ámbito real entran, por boca do avó, os relatos fantásticos sobre a cidade asolagada e os urcos que a custodian, así como o enmeigamento do pai do avó e a súa prodixiosa curación, tras a visita que o avó consegue facer á cidade asolagada e tocar a princesa-serea. Mais, é certo o que conta o avó ou é só unha imaxinación ou fantasía súa? Iso non o resolve o libro e constitúe un dos seus engados.

O avó, cos seus contos a propósito da súa experiencia na cidade asolagada, fai que os netos entren en contacto coas lendas populares galegas de cidades asolagadas, da trabe de ouro e alquitrán, dos tesouros, dos enmeigamentos, de seres fabulosos como os urcos, en definitiva, que constitúe a lectura unha invitación para lermos estas lendas tradicionais galegas. Así mesmo o avó cita versos de Pondal, chámalle a un merlo Merlín e ata ten unha familia o que lle permite nomealo como *Merlín e familia*, mesmo resume o *Retorno a Tagen Ata*, polo que é unha incitación constante para acceder a novas lecturas, esta vez cultas, dende o texto que se está a ler. A proposta é certamente engaiolante.

Cómpre sinalar así mesmo o coidado con que elabora o autor a lingua da obra. Os rapaces que lean a obra entrarán en contacto cunha fauna e flora xenuinamente galegas nomeadas nun galego identificado onde aparecen *pegas rabilongas, paporroibos, pardais, lavandeiras, donicelas, rabirrubios, carrizos, soutos,*

fragas, corredoiras, teixidos, carballos, vacalouras, arroaces, luras... Os rapaces gozarán coa lectura e, ademais, mellorarán o seu galego, especialmente o que lles serve para nomearen animais, plantas e accidentes xeográficos.

É de salientar así mesmo que o autor, coma quen non quere a cousa, vai introducindo termos que hoxe adoitan esquecer os máis novos (*van* 'cintura', *enxergar* 'divisar', *redonda* 'comarca' e tantos outros), mais fáino de forma que os seus significados se deduzan doadamente do contexto, sen ter sequera que consultar o dicionario. Esta actitude, xa que logo, non merece máis ca parabéns.

Así pois, o xurado acertou plenamente con esta obra e só queda dicir que as ilustracións de Andrés Meixide son un engado máis deste pequeno gran libro.

[mércao en Andel](#)